

MÉRCORES 29 DE SETEMBRO ÁS 18,00 HORAS


Historias da marquesa (Pavís Pavós)



4-12 anos

A señora marquesa era unha viaxeira incansabel. Cando se xubilou deunos un agasallo fantástico: A súa mala, unha mala encantada, que cada vez que a abres podes atopar xigantes e ananos, bruxas e trasnos, apócemas máxicas, viaxes maravillosas, princesas e dragóns ...

MÉRCORES 20 DE OUTUBRO ÁS 18,00 HORAS



+ 9 ANOS

Baseado na novela "O Xogo de Ender", neste obradoiro farase unha descrición do libro, da súa mensaxe e do seu ambiente.

Despois crearemos instrumentos electrónicos tipo alarma láser e marcadores lasertag para facer un xogo de estratexia.

Para gañar precisárase traballar en equipo, ter intelixencia e moita puntería. Tamén se poderán dar nocións de redes sociais, creación de perfís dos personaxes.

MÉRCORES 6 DE OUTUBRO ÁS 18,00 HORAS



Mirando o ceo (Charo Pita)

O ceo está cheo de historias. Desde moi antigo, a xente orientábase mirando o ceo e, para lembrar o lugar que ocupaba unha estrela, inventábanlle unha historia. Así que, se non queres perderte na noite, o mellor é que veñas escoitar estes contos.

5-12 anos

MÉRCORES 27 DE OUTUBRO ÁS 18,00 HORAS

Contos do Mundo

Solidaridade Internacional de Galicia



Contos do mundo pretende achegar as nenas e nenos galegos outras culturas e realidades diferentes. Deste xeito pomos en valor a riqueza cultural e fomentamos unha mirada positiva cara o diferente.

5-10 anos